

# Moodle: Introducción

Víctor Alfredo Pascual Vázquez

# Introducción

- Moodle é un LMS (Sistema de Xestión da Aprendizaxe) baseado en Software Libre.
- Moodle está construído por profesores e para profesores dende unha óptica constructivista.
- Moodle é un software modular.
  - Técnicamente isto significa que calquera pode desenvolver un módulo adaptando a aplicación ás súas necesidades.
  - Ó ser Software Libre estes módulos están dispoñibles na web oficial.
- Moodle estrutúrase en cursos onde os profesores poden colgar os seus recursos e actividades para o alumnado, mantendo en todo momento un seguimento da actividade que este realiza.
- O amplo número de actividades dispoñibles fai de Moodle unha plataforma con un potencial colaborativo moi importante.

# Introducción

- Non ten por qué propoñer tarefas ou modelos de formación a distancia.
- Moodle pode ser unha ferramenta de traballo presencial na aula de xeito que o profesorado poida dispoñer dun espazo para organizar as súas unidades didácticas, repositorio de documentos, espazo de intercambio e comunicación.
- Da mesma maneira poder dar aloxamento a traballos colaborativos do alumnado ou espazo de relación con outras comunidades escolares.
- Ademáis da ampla flexibilidade á hora de importar actividades realizadas con outras aplicacións nos propios cursos de Moodle, este permite a exportación e importación de cursos polo que calquera profesor pode utilizar cursos xa elaborados, por eles ou por compañeiros, adaptándo os contidos á realidade da súa aula, dando sentido así ó último nivel de concreción curricular.
- Evidentemente Moodle préstase para a elaboración e proposta de actividades complementarias, para consulta e estudio dende o fogar, ou para o control familiar de tarefas dos fillos e filla
- É o complemento ideal na ensinanza presencial para aquel profesorado e alumnado que nos centros educativos dispón de equipos informáticos na aula, ou acude regularmente á aula de informática.